

PDI

“Paseando con Emilia”

Proxecto Documental integrado coordinado pola B.E.

BIBLIOTECA EPB

CEIP EMILIA PARDO BAZÁN (A CORUÑA)

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN.....1

2. OBXECTO.....5

3. DESCRICIÓN.....6

4. DOCUMENTACIÓN.....9

5. TAREFAS.....10

6. RECURSOS.....11

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....11

8. DIFUSIÓN.....11

9. AVALIACIÓN.....12

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA.....15

1. INTRODUCIÓN

1.1. Xustificación

O noso centro leva o nome da escritora coruñesa Emilia Pardo Bazán, por este motivo, e coincidindo co centenario da súa morte, desde o equipo de biblioteca propuxemos no mes de xuño de 2020 que o tema a tratar no Proxecto Documental Integrado (PDI) do curso 2020/2021 fose coñecer en profundidade quen foi esta escritora coruñesa, de xeito que a comunidade educativa fose consciente da importancia e relevancia da personaxe que dá nome ao colexio.

Ao ser un tema moi concreto como a vida dunha persoa decidimos ampliar un pouco o foco e, ademais de investigar sobre a súa biografía, tamén propuxemos indagar na historia da época na que viviu, a relevancia da autora na defensa do papel da muller na sociedade, aproveitando o carácter polifacético abordamos as profesións e aspectos da xeografía da cidade e de Europa.

Tratamos de que toda esta aprendizaxe estivese relacionada, ademais de coas competencias básicas, co desenvolvemento do currículo en cada un dos cursos, polo que estruturamos e xustificamos as distintas tarefas e actividades cos elementos do currículo, propoñendo algún criterio ou contido a traballar.

Quixemos que o alumnado aprendese a utilizar as estratexias e mecanismos de tratamento e procura da información, que tivese acceso a diferentes fontes, ademais de fomentar o pensamento crítico. Houbo a dificultade de que os fondos bibliográficos existentes sobre a autora son fundamentalmente dirixidos aos adultos, so hai dúas obras, unha delas publicouse durante o segundo trimestre, dirixidas e adaptadas ao público infantil, por este motivo tivo especial relevancia a selección de webs e recursos dixitais adaptados, ademais do traballo de mediación e selección que tiveron que facer os mestres/as para traballar na aula coa información.

1.2. Temporalización (calendario de realización)

O proxecto comezouse a preparar no mes de xuño de 2020, realizándose a selección e a planificación básica durante o período de verán e o mes de setembro. Durante o mes de setembro e outubro desde o equipo de biblioteca determinouse a estrutura do proceso e o desenvolvemento ao longo do curso. Fíxose unha posta en común co claustro. Con motivo do Día das escritoras o 19 de outubro demos comezo ao proxecto cun **xogo** no que pretendiamos que as aulas comezasen a investigación descubrindo cal era o nome do proxecto, deste xeito tanto alumnado como profesorado serían conscientes do inicio do proxecto. A continuación a investigación sobre os diferentes aspectos que centraban o interese do alumnado e sobre aqueles outros que se propuxeron desde o equipo de biblioteca. Despois de analizar a información recollida, segundo o interese de cada aula, procedeuse á comunicación en diferentes formatos deste estudo. Estaba programada unha exposición sobre Emilia Pardo Bazán para que fose visitada pola comunidade educativa, pero debido ás restricións provocadas pola pandemia tivemos que limitala á publicación dos traballos feitos en vídeo.

1.3. Participantes

O claustro participou no desenvolvemento do proxecto, traballando os mestres/as titores nas actividades de aula; os mestres/as especialistas desde as súas áreas ou clases tamén colaboraron na realización de diferentes tarefas de preparación e desenvolvemento do proxecto (principalmente Educación artística e Lingua estranxeira). Estiveron coordinados polo Equipo de Biblioteca e tamén colaboraron activamente o EDLG, Equipo de Dinamización das TIC e EACE.

O alumnado foi consciente e participou nas diversas actividades e tarefas que se realizaron durante o período de desenvolvemento do proxecto.

1.4. Organización

O **Equipo de Biblioteca** coordinou todo o traballo de investigación e as actividades desenvolvidas durante o proxecto. A iniciativa tivo a adhesión de todo o **claustro** participando desde as áreas e todos os equipos. O proxecto apróbase e inclúese na PXA.

Os **Equipos de Dinamización da Lingua Galega, Actividades Complementarias e Extraescolares e Dinamización das TIC** achegan a súa colaboración nos procesos de investigación e desenvolvemento das actividades. As áreas de **Lingua estranxeira** e **Educación Artística** participan elaborando actividades ao longo do proxecto.

As **familias** son convidadas a participar apoiando o proceso de investigación desde a casa, participando en diversas actividades e achegando material ao centro. As **titorías** elaboran diferentes produtos que se realizan no PDI.

1.5. Relación co currículo

Competencias básicas:

Competencia lingüística: para fomentar e mellorar esta competencia a través da elaboración tanto composicións escritas como orais, respectando as normas formais. Fomentamos o traballo tanto da comprensión oral como escrita. Intentamos que o alumnado aprendese a seleccionar a información importante, realizar resumos, esquemas e mapas conceptuais. Ampliaron o vocabulario e traballáronse tanto normas ortográficas como a gramática.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: o alumnado familiarizouse cos conceptos e procesos científicos, cálculo de distancias, entre outras. Resolución de problemas e estratexias que poidan utilizar. Traballo coa numeración.

Competencia dixital: fomentouse a utilización das TIC durante a procura de información para o proxecto, así como o desenvolvemento do pensamento crítico, que

axudase ao alumnado a seleccionar fontes de procura fiables, para despois incorporala información aos seus traballos. Conciencious na utilización das TIC de xeito seguro e ensinouse o uso dalgunha aplicación para desenvolver algún dos produtos do proxecto. Traballouse o Pensamento Computacional.

Aprender a aprender: tratamos que o alumnado tivera un espírito crítico, que tivera ansia por aprender e ampliar os seus coñecementos. Utilizamos diferentes estratexias e recursos que permitiron aos alumnos/as a planificar a súa aprendizaxe. Na procura da información necesaria para o proxecto aprenderon a realizar esquemas, mapas conceptuais, entre outras, tamén o alumnado foi consciente de como se programa unha investigación.

Competencias sociais e cívicas: a interdependencia dentro do proxecto, tanto a nivel de aula, como a nivel de centro, fomentou o respecto polo traballo dos demais e a colaboración/cooperación no traballo conxunto. Ao mesmo tempo comprobamos como era a sociedade hai 100 anos e as diferencias coa actual.

Conciencia e expresións culturais: visitouse a Casa-Museo e a biblioteca de Estudos Locais de xeito virtual para coñecer como se realiza unha exposición e coñecer máis sobre a autora. Realizouse unha obra de teatro lido. Elaboráronse diferentes obras plásticas que serviron como reforzo do interese pola utilización de diferentes técnicas artísticas e pola cultura.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: o alumnado representou o aprendido e resolveron as dificultades que foron xurdindo ao longo do proceso.

Obxectivos:

1. Coñecer e valorar a Emilia Pardo Bazán como escritora e muller do seu tempo.

2. Coñecer o mundo a través das súas viaxes.

3. Coñecer acontecementos históricos a través da figura de Emilia Pardo Bazán.

4. Favorecer o recoñecemento das mulleres ao longo da historia.

5. Aprender a respectar as opinións e traballos dos demais.

6. Valorar o traballo en equipo.

7. Seleccionar información desde un punto de vista crítico.

8. Preparar exposicións orais e escritas con sentido.

9. Elaborar diferentes tipos de materiais escritos, dixitais e orais: exposicións, carteis, monografías, receitas, instrucións, escaletas, storyboard, representacións, entre outros.

10. Fomentar a lectura e consulta de diferentes textos e soportes.

2. OBXECTO



O PDI “Paseando con Emilia” centrouse en coñecer á persoa que dá nome ao noso colexio. A través dunha viaxe polos 70 anos de vida de Emilia Pardo Bazán quixemos que a comunidade educativa fose consciente do seu valor, tanto literario como personaxe protagonista na sociedade da súa época. Achegámonos ao seu papel como defensora dos dereitos de todas as mulleres e percorremos Europa e a cidade da Coruña a través das súas pegadas e ás doutras mulleres.

O equipo de Biblioteca deseñou, programou e planificou as diferentes actividades que se desenvolveron desde o mes de setembro ata o mes de xuño. Os demais equipos (EDLG, EACE, TIC, Orientación), claustro, alumnado, familias e resto da comunidade educativa foi informada das diferentes fases, das actividades a desenvolver (xustificación, relación co currículo, temporalización,...) a través das reunións periódicas que se tiveron e a través das ferramentas de comunicación dixital.

3. DESCRICIÓN

O traballo durante o curso estruturouse en diferentes fases:

A. *Presentación do proxecto á comunidade educativa*.

No mes de setembro rematamos a **programación definitiva do proxecto**, presentámolo á comunidade educativa a través de notas informativas a través de mensaxaría e da publicación no blog da biblioteca, no mes de outubro comezamos coa actividade de motivación coa que queriamos facer consciente ao alumnado do comezo do proceso de investigación.

B. *Desenvolvemento do proxecto:*

B.1. *Formulamos a pregunta: Quen foi Emilia Pardo Bazán? Por que o colexio leva o seu nome?*

A partir desta pregunta o alumnado comeza a investigación sobre esta persoa.

B.2. *Preparación da investigación.*

Publicouse unha selección de **recursos** cos que comezar a investigación e nos que poder seleccionar información de xeito fiable, tamén se montou a exposición permanente

no corredor de entrada do centro na que se colocaron diversas obras da autora, a maioría dirixidas ao público adulto, e tamén ambientouse a entrada.

A primeira actividade que xurdiu desde o equipo directivo foi a de concienciar á comunidade educativa na identidade do centro, por este motivo convocou un **concurso de ideas** para que as familias deseñasen un logotipo para o centro que tivese relación coa autora e coa contorna. A familia gañadora representou o barrio, a cidade e a pluma de Emilia (con mensaxe oculta) a partir da dixitalización dos debuxos das nenas.

Co **25N** o EACE e EDLG ambientaron a exposición e a partires dunha frase de Emilia Pardo Bazán propuxeron unha actividade artística ao alumnado.

Un xeito de achegar ao alumnado da Etapa de Educación Infantil e aos primeiros cursos da Etapa de Primaria foi a elaboración dun libro no que a través do Pensamento Computacional se traballase a vida da escritora. Deste xeito xurdiu **“Paseando co EscornaEmilia”**, no que traballando co escornabot se podían aprender varios datos tanto da vida como do momento histórico no que viviu Emilia. Creouse un disfraz coa impresora 3D para o escornabot no que aparecía a cara da autora.

Visitamos a Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán a través duns vídeos que gravamos alí coa colaboración da directora e da educadora do museo. Logo da gravación editámolos e publicámolos na nosa canle de vídeos, había un máis axeitado para o alumnado a partires de 3º de EP e outro para os nenos/as de EI e 1º-2º de EP. Todas as aulas fixeron a visita ao mesmo tempo no mes de decembro.

Algunhas ds portas foron decoradas coa figura de Emilia Pardo Bazán

B.3. *Recollida de datos máis relevantes para o alumnado.*

Realizamos un **concurso** durante 15 semanas nas que guiamos o proceso de investigación a través das preguntas que se formulaban e que achegaban ao alumnado a diversas cuestións relacionadas sempre coa autora, pero que incluía algunhas con relación tanxencial. A partires deste concurso saíron outras actividades de investigación

debido ao interese dos nenos/as.

Con motivo do **Día da Paz** demos comezo a unha actividade na que pretendemos facer un percorrido pola historia nos 70 anos de vida de Emilia Pardo Bazán coa selección de acontecementos ou personaxes que foron coetáneos da escritora a través dunha **Liña de tempo**, que comezamos coa Primeira Guerra Mundial, ademais de tela de xeito virtual tamén a plasmamos no corredor de entrada e con acceso á información a través de Realidade Aumentada.

No **Entroido** os disfraces e os mandadiños do Meco estiveron relacionados coa imaxe Emilia Pardo Bazán e as vestimentas da época.

O **8M** foi o inicio doutra actividade de investigación, neste caso sobre as mulleres que había no rueiro da Coruña que titulamos **Rueiro Feminino**, destacando o carácter feminista da protagonista do proxecto.

B.4. *Análise e interpretación da investigación previa*

Co obxectivo de dotar de contido á exposición, ademais dos diferentes produtos elaborados ao longo do curso por cada clase algunhas das clases crearon uns vídeos **monográficos** nos que explicaron o aprendido durante estes curso. O alumnado de 6º preparou **tres taboleiros en padlet** nos que presentaron diversas cuestións sobre a investigación que fixeron coa mestra especialista en lingua estranxeira.

B.5. *Preparación e difusión dos resultados.*

As clases durante o curso elaboraron monográficos, mapas, debuxos, liñas do tempo, carteis, esquemas, entre outros.

B.6. *Produto final.*

A idea inicial era facer unha exposición xeral por parte do alumnado a toda a comunidade educativa, barallouse trasladar a través dos códigos QR os produtos finais na entrada do centro, pero co obxectivo de limitar a acumulación de persoas decidiuse deixar unicamente o acceso a través da web do proxecto.

Para pechar o proxecto cada aula escolleu unha das palabras que podían definir a autora coruñesa e elaborou unha parte do **“Abano de Emilia”** no que ademais da palabra escollida tamén representaron de xeito gráfico o significado e o valor deste vocablo.

O día **12 de maio centenario da morte** de Emilia Pardo Bazán o alumnado de Primaria participou nos actos de homenaxe que se realizaron na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán. Ese mesmo día o alumnado de 6º preparou unha **entrevista a Xulia Santiso** (Directora da C-M EPB) que se emitiu en directo e na que participaron varias aulas do centro, ben con preguntas que pasaron previamente por escrito, intervindo a través do chat ou trasladando de xeito oral as preguntas en directo.

C. *Avaliación do proxecto.*

Realizouse a **avaliación** do proxecto seguindo os indicadores descritos na planificación.

4. DOCUMENTACIÓN

Durante o desenvolvemento do proxecto elaborouse diverso material dirixido a encamiñar as tarefas e a facilitar o labor de profesorado e alumnado.

4.1. Profesorado

- Para os mestres/as elaborouse documento mínimo coas fases, temporalización e tarefas programadas ao longo do curso, estruturadas por trimestre.
- No comezo da fase de investigación achegouse un listado de recursos na biblioteca cos que comezar as tarefas de investigación.
- Diversas mensaxes a través da canle Telegram e Abalar para informar ás familias e ao alumnado das actividades.
- Infografía de procura documental e internet.
- Gravación de vídeos, como o da Casa-Museo.

- Actividades para o Entroido.
- Esquema textual: **a biografía**.
- Rúbricas e cuestionarios de avaliación.

4.2. Alumnado

- Diversas notas e carteis anunciando diversas actividades.
- Infografías de procura documental.
- Libro “Paseando co EscornaEmilia”.
- Calendario das actividades a desenvolver.
- Recursos na web e exposición permanente na biblioteca de recursos.
- Documento recompilatorio sobre as mulleres no rueiro.
- Sección no blog e web do proxecto.

5. TAREFAS

O alumnado durante o proxecto realizou:

- Procura e selección de recursos e información nas diferentes fontes facilitadas polo profesorado.
- Conversas sobre ideas, defensa de diferentes posicións no traballo en equipo.
- Elaboración de diferentes tipos de textos: descritivo, informativo, expositivo, literario, instrutivo, narrativo, de uso social.
- Lectura de diferentes tipos de textos, así como a extracción da información relevante.
- Elaboración e representación de obras teatrais e contos.
- Resolución en equipo das actividades planeadas: achegando ideas, solucións, chegando a acordos, respectando as opinións dos demais.
- Utilización de diversas ferramentas TIC para presentar os produtos elaborados e

traballo do pensamento computacional.

- Utilización das matemáticas para calcular distancias e tamaños.
- Manexo de diferentes técnicas artísticas.
- Organización do seu traballo e presentación tanto escrita como oral ante outras persoas.

6. RECURSOS

No corredor de entrada montouse unha exposición permanente con obras da autora que tiñamos na biblioteca e fondos emprestados pola Casa-Museo Emilia Pardo Bazán e a Biblioteca Municipal de Los Rosales. Nas mochilas viaxeiras de 5º de EP ía unha obra de Emilia Pardo Bazán.

Realizouse en Padlet cunha selección de recursos estruturados en biografía, Casa-Museo, Obras, artigos de prensa e recursos didácticos.

Elaboración do libro de Pensamento Computacional “Paseando co EscornaEmilia”.

Comunicacións a través da mensaxaría das actividades tanto ás familias como ao resto da comunidade educativa.

7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Os equipos de EDLG, EACE e TIC planificaron diversas actividades no desenvolvemento do proxecto.

As familias participaron axudando na investigación cos seus fillos/as desde a casa e participando en actividades grupais como foron as que se realizaron con motivo do Día do libro coa **Fotobiblioteca de Emilia** ou o concurso de ideas para o logotipo do colexio.

8. DIFUSIÓN

Todo o proxecto está recollido na web: **Paseando con Emilia**

No blog da biblioteca aparecen diversas actividades realizadas: **Biblioteca EPB**

Na web do Centro recóllense novas sobre o proxecto: **CEIP Emilia Pardo Bazán**

Na canle **Vimeo** están os vídeos que se foron realizando ao longo do curso.Diversas notas e mensaxes que se enviaron a través das canles de comunicación Telegram e Abalar.

Publicacións que se fixeron nas contas da biblioteca nas redes sociais **Twitter** e **Instagram**.

Convites a outros centros e entidades para colaborar no proxecto.

Artigos en prensa sobre o desenvolvemento da proposta: 1, 2, 3, 4

Diversas exposicións dos traballos realizados polo alumnado.

9. AVALIACIÓN

Para realizar a avaliación do proxecto:

9.1. Autoavaliación

Avaliouse periodicamente na aula co seu titor/a o grao de consecución dos obxectivos que se pretendían acadar, a través dos debates e asembleas que se desenvolveron.

9.2. Heteroavaliación

As familias avaliaron o desenvolvemento do proxecto a través dun **cuestionario** elaborado polo equipo de biblioteca no que ademais de valorar outros aspectos relacionados coa biblioteca tamén se valorou o desenvolvemento do proxecto. O profesorado avaliou o traballo do alumnado nas aulas mediante diferentes instrumentos, en función da Etapa e da aula dos nenos/as.

9.3. Coavaliación

O profesorado, nas diferentes reunións mantidas, foi facendo un seguimento do proxecto e realizando as modificacións pertinentes, ademais ao final do proxecto completou participou nunha **enquisa** na que se valoraron diversos aspectos sobre o proxecto.

En referencia aos indicadores propostos polo Equipo para a avaliación do proxecto, este foi o grao de consecución deles:

a1. Coñece a profesión/s de Emilia Pardo Bazán.

A maioría do alumnado coñece as ocupacións de Emilia Pardo Bazán.

a2. Coñece o labor de EPB en favor da igualdade.

A maioría alumnado de EP coñece o seu labor na procura da igualdade de oportunidades para as mulleres.

b1. Coñece polo menos tres cidades ou puntos da xeografía que visitou ou viviu EPB.

A maioría do alumnado coñece tres cidades europeas que visitou EPB.

b2. Elabora un rueiro da Coruña con puntos relevantes na vida de EPB.

b3. Relaciona as zonas dun mapa antigo da Coruña coa actualidade.

d1. Sinala no rueiro mulleres representadas e o seu mérito.

d2. Coñece o labor de polo menos tres mulleres galegas ao longo da historia.

j3. Realiza procuras de xeito eficiente, seguindo o guión elaborado polo equipo de biblioteca.

Elaborouse o Rueiro Feminino da cidade da Coruña con numerosa información sobre as mulleres presentes nas rúas da cidade seguindo o guión proporcionado.

c1. Coñece polo menos dous acontecementos importantes na historia durante a vida de EPB.

c2. Realiza unha liña temporal con fitos históricos.

Elaborouse a Liña de Tempo con algúns acontecementos que ocorreron entre 1851 e 1921.

e1. Dialoga en grupo respectando as quendas de palabra.

e2. Achega consellos construtivos aos traballos dos demais.

e3. Realiza críticas baseadas nos coñecementos adquiridos sobre a autora e o momento histórico.

O alumnado conversou nas aulas sobre o aprendido durante o curso e contrastaron opinións nas diversas exposicións de traballos que se realizaron durante o curso. Na maioría das ocasións houbo respecto cara as opinións dos demais e cara o seu traballo.

f1. Distribúen funcións entre os integrantes do grupo.

f2. Prefire traballar en grupo que individualmente.

O alumnado traballou en grupo, coas medidas establecidas polo protocolo do centro, nos grupos de 5º e 6º resultou máis sinxelo debido aos ordenadores do programa EDIXGAL, nos outros grupo resultou máis complicado e de xeito non tan continuo.

g1. Procura a información seguindo os pasos do guión entregado polo equipo de biblioteca.

Poucos alumnos/as utilizan as infografías deseñadas para a procura da información, aspecto no que deberemos seguir incidindo nos próximos cursos. Si utilizaron o esquema textual para a biografía.

g2. Cita as fontes consultadas.

Menos do 50% do alumnado cita sempre as fontes de información do seu traballo, aínda que si o fai a maioría cando na estrutura do traballo xa hai un apartado para esta información, como foi no esquema facilitado para as biografías das mulleres.

g3. Elabora os seus traballos dun xeito claro e estruturado.

Os traballos na maioría dos casos tiñan estrutura, contiñan información veraz e se entendían.

h1. Expón o seu traballo ante outras persoas.

h2. Prepara un guión para a súa exposición.

i2. Adapta os textos preparados aos esquemas de radio (escaleta) e vídeo (storyboard).

As exposicións realizáronse en clase, na maioría de casos tiñan guións para guiarse nela. Os vídeos e gravacións de podcast fixéronse coa utilización de escaletas. No traballo de

Emilia Rebelde realizouse unha storyboard para Conversando coa Emilia.

i1. Recóllese todo o traballo documental nun espazo web.

Elaborouse un espazo web no que se recollen as producións ao longo do curso.

j1. Coñece a organización da biblioteca.

Case un 80% do alumnado sabe como están organizados os fondos na biblioteca e saben atopar un libro cando o buscan. No caso da bibliLab a porcentaxe descende a case o 70%.

j2. Realiza procuras na biblioteca en diferentes tipos de recursos (referencia, textos informativos, monografías, entre outras).

Neste curso a utilización de ambos espazos por parte das aulas non foi moi alto, pero si se utilizaron os recursos facilitados na recompilación feita polo equipo.

j3. Realiza procuras de xeito eficiente, seguindo o guión elaborado polo equipo de biblioteca.

Necesitamos seguir traballando neste aspecto para que o proceso de procura sexa máis eficiente.

10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

A Biblioteca é o eixe principal sobre o que xira o desenvolvemento do proxecto:

Coordinou desde o comezo o desenvolvemento do proxecto, procurou informar nas reunións claustro, ademais de distribuír documentos por diversas vías que ían informando sobre os diferentes momentos.

Realizou o labor de procura, selección e difusión de materiais de diferente tipo para que a primeira fase de investigación puidese arrancar e fose máis doada para o alumnado e o claustro. Tamén atendeu ás demandas que se fixeron desde os outros equipos e titorías en canto a adquisición de diferente tipo de material que axudara á realización das distintas tarefas.

Organiza a biblioteca de xeito que permite o acceso aos recursos con rapidez, proporcionando diferentes recursos escritos e audiovisuais para completar as actividades propostas.

Elabora diferentes actividades de fomento da lectura relacionados co proxecto, en colaboración co equipo de dinamización das TIC, EACE e EDLG.

Colabora na difusión do proxecto elaborando notas informativas e colaborando na organización das exposicións dos traballos do alumnado.

Todo o PDI “Paseando con Emilia” está recollido no espazo web, onde se poderá acceder a vídeos, imaxes e documentos que forman parte do desenvolvemento do proxecto:

https://bibliotecaepb.wixsite.com/paseandoconemilia